



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 18 DE ABRIL DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 18 de abril de 2016

HORA DE COMEZO: 20:40 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Heitor Mera Herbello.

SUPLENTES: D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 21 E 28 DE MARZO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os día 21 e 28 de marzo de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/COLOCACIÓN DE CARTEIS PUBLICITARIOS DE NEGOCIO NA AVDA. DE OURENSE-CAMIÑO GARITA



Concello de Cangas

Dase conta de informe da Policía Local emitido o día 08.04.2016, referente a solicitude de J.A.G.S (asunto que foi tratado na Xunta de Goberno Local do día 09.12.2016, no que se acorda remitir á Consellería de Infraestruturas para a emisión de informe) de autorización municipal para colocación de cartel publicitario desde a Avda. de Ourense ata a Avenida de Castroviejo, que di o seguinte:

"Nº REX: 596/16

ASUNTO: COLOCACIÓN DE CARTEIS PUBLICITARIOS DE NEGOCIO NA AVDA. OURENSE, CAMIÑO GARITA

A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, INFORMA:

Que a estrada PO-551, punto quilométrico 21+180 coincide con cruzamento, Avda. de Ourense-Xosé Mª Castroviejo e Camiño Vello de Rodeira 'A Garita'.

Por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar a colocación do cartel publicitario solicitado sempre que estea fóra da zona de dominio público e non interfira nin afecte á sinalización, a iluminación ou balizamento da estrada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada do informe transcrito anteriormente emitido pola Policía Local, tendo en conta que este é complementario ao acordo adoptado por esta mesma na Xunta de Goberno Local do día 09.12.2016, e polo tanto autorizar ao Sr. G.S á colocación de cartel publicitario na zona indicada pola Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao solicitante e ao departamento de Xestión de Ingresos.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:



Concello de Cangas

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da



Concello de Cangas

licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.899.- A F.B.C, con enderezo en rúa Fomento, nº 4-Cangas, en solo urbano, regulado pola ordenanza do PEPRI, para no referido lugar, reformar a cuberta en 36,55 m²., e ampliar o aproveitamento baixo cuberta en 6,50 m²., de conformidade co proxecto do arquitecto, D.V.F, visado con data 22 de marzo de 2016 e a que antes do comezo das obras presente o estudo de seguridade e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de



Concello de Cangas

transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

3.A.2) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.959.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR S.S.S E M.R.M

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 24 de marzo de 2016, acordou:

- a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a S.S.S e M. R.M, para reforma de aproveitamento baixo cuberta da vivenda sita en rúa Lúa, nº 3-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.845.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.780/14.- M.L.F, cambio titularidade de cafetería-tapería en Paseo Marítimo, nº 13- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.919/16.- A.C.S, ximnasio na Avda. de Vigo, nº 136-Cangas.

4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACIÓ DO PXOM DO CONCELLO DE CANGAS

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 14.04.2016, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de redación do PXOM do Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de marzo de 2016 acordou iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos de



Concello de Cangas

redación do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, suxeito a regulación harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

Visto que con foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 17 de marzo, realizouse a retención de crédito oportuna.

Visto o disposto no informe do arquitecto municipal de data 17 de marzo e no informe da xefa do departamento de urbanismo de 6 de abril.

Malia o disposto no informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 18 de abril de 2016.

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda e o artigo 110 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

PROPOÑO á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de redación do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, condicionado á previa aprobación polo Pleno da modificación das porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación 150.640.01 do estado de gastos do orzamento municipal deste Concello para o exercicio 2016.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos de redación do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, suxeito a regulación harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO.- Publicar no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante



Concello de Cangas

anuncio de licitación, para que durante o prazo de cincuenta e dous días, contados desde a data de envío do contrato á Comisión Europea, os/as interesados/interesadas poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes”.

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, coa abstención dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal do BNG e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de redacción do PXOM do Concello de Cangas.

FACENDA

5º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 31/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos:

PA 47/2015 C.- SENTENZA Nº 31/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

- A persoa recurrente: M.V.C.

- Contido: estima o recurso contencioso-administrativo tramitado como P.A. Nº 47/2016, imposto pola representación procesal de M.V.C, por inactividade en solicitude de execución de acto administrativo firme consistente en resolución dictada polo Concello de Cangas en data 26/06/2013 no expediente de disciplina urbanística nº 26/2011, declarando a inexistencia de inactividade e acordando que o Concello de Cangas, proceda a dar cumprimento á súa resolución de data 26/06/2013 no expediente de disciplina urbanística nº 26/2011 e todo iso, con imposición de custas á parte demandada cun límite de douscentos euros (200,00 €) (gastos de defensa e representación).

- Sentenza firme.

MOCIDADE E VOLUNTARIADO



Concello de Cangas

6º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA REALIZACIÓN DO PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL

Dase conta de proposta do concelleiro de Mocidade e Voluntariado do día 14.04.2016, referente a solicitude á Consellería de Política Social para realización do programa do servizo de voluntariado xuvenil, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL-2016

Examinada a Orde da Consellería de Política Social do 11 de marzo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

Vistas as necesidades redáctase proxecto pola técnica da Oficina Municipal de Voluntariado de Cangas, M.M.N.V, denominado 'Cangas Moza Actúa'.

Reunindo todos os requisitos que se especifican na orde de convocatoria, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Política Social ao abeiro da orde citada, unha axuda económica polo importe de tres mil novecentos vinte euros (3.920,00 €) para desenvolver o proxecto denominado 'Cangas Moza Actúa'.

Segundo.- Declarar que para a realización do proxecto que se solicita, non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI nº 76328194ª, a asinar a solicitude e demais documentos de subvención".

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Mocidade e Voluntariado transcrita anteriormente, referente a solicitude á Consellería de Política Social para realización do programa do servizo de voluntariado xuvenil.



Concello de Cangas

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

7º.- DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A OFICINA DE TURISMO DE CANGAS

Dase conta de resolución do día 29.03.2016 da Axencia de Turismo de Galicia, referente a concesión de subvención por un importe total de cinco mil douscentos euros (5.200,00 €) para a contratación de persoal para a Oficina de Turismo de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- quedar informada da concesión pola Axencia de Turismo de Galicia, de subvención para a contratación de persoal para a Oficina de Turismo de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Subvencións, Turismo e Intervención.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) ACORDO RELATIVO AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ALLEO E VIXILANCIA DA SAÚDE

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do contrato de servizos de Prevención de Riscos Laborais nas distintas disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Vixilancia Médica da Saúde.

Vistas as actas da mesa de contratación emitidas logo das súas reunións realizadas os días 11.03.2016, 17.03.2016 e 15.03.2016.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, como órgano de contratación, ACORDA:

Primeiro.- Declarar válida a licitación relativa ao contrato de servizos de Prevención de Riscos Laborais nas distintas disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Vixilancia Médica da Saúde.

Segundo.- Excluir da licitación á empresa "PREVISONOR, SL", por non ter xustificado en tempo e forma á súa oferta considerada como desproporcionada.

Terceiro.- Admitir e ter por xustificadas adecuadamente as ofertas presentadas polo resto de licitadores, considerando que todas poden ser cumpridas nos termos ofertados e cuxa puntuación final é a seguinte:

- 1º.- TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL: 89,72 puntos.
- 2º.- NORPREVENCIÓN, SL: 88,88 puntos.
- 3º.- MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, SLU: 87,41 puntos.
- 4º.- CORPORACIÓN MPE, SL: 83,29 puntos.
- 5º.- PREMAP SEGURIDAD Y SALUD, SL: 75,32 puntos.
- 6º.- VALORA PREVENCIÓN, SL: 63,22 puntos.
- 7º.- MGO BY WESTFIELD, SLU: 49,10 puntos.

Cuarto.- Requerir á empresa "TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL", para que no prazo de 10 días hábiles achegue a documentación indicada na cláusula 17ª do PCAP, como trámite previo á adxudicación do contrato.

Quinto.- Notificar este acordo a todos os licitadores con indicación dos recursos procedentes e dar traslado deste ao departamento de Apoio Xurídico.

B) PROPOSTA CONXUNTA DAS CONCELLERÍAS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL E MEDIO AMBIENTE E TURISMO DO CONCELLO DE CANGAS S/APROBACIÓN DUN PREZO PÚBLICO QUE CUBRA PARTE DO CUSTO DOS CURSOS DE MANIPULADOR-APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS-NIVEL BÁSICO, QUE SE ORGANICEN DESDE O CONCELLO DE CANGAS

Dase conta de proposta conxunta de data 14.04.2016 das concellerías de Desenvolvemento Económico e Emprego Local e Medio Ambiente e Turismo do Concello de Cangas, referente a aprobación dun prezo público que cubra parte do custo dos cursos de *manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios-nivel básico*, que se organicen desde o Concello de Cangas, que é como segue:



Concello de Cangas

"ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN PREZO PÚBLICO QUE CUBRA PARTE DO CUSTO DOS CURSOS DE MANIPULADOR-APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS-NIVEL BÁSICO QUE SE ORGANICEN DESDE O CONCELLO DE CANGAS

Co fin de que sexan valorados pola Xunta de Goberno Local, desde as concellerías de Desenvolvemento Económico e Emprego Local e de Medio Ambiente e Turismo do Concello de Cangas, de seguido expoñemos os diferentes aspectos nos que se fundamenta esta proposta conxunta:

1) Que en virtude do estipulado no R.d. 1311/2012, desde o pasado 26 de novembro de 2015, os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios teñen que estar en posesión dun carné de manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios-nivel básico, que expide a Xunta de Galicia.

2) Que de acordo cos datos de que dispoñemos, esta obrigatoriedade está a afectar, entre outros colectivos, tamén á nosa veciñanza que realiza tarefas agrícolas, tanto no relativo á dificultade que están a atopar para poder mercar nas tendas este tipo de produtos, como con respecto ás posibles sancións ás que se expoñen no caso de que manipulen ou apliquen estes produtos sen contar co preceptivo carné oficial.

3) Que como consecuencia do exposto, desde diferentes vías estamos a detectar unha importante e crecente demanda en relación coa impartición de cursos de manipulador/aplicador/ a de produtos fitosanitarios-nivel básico, formación que é requirida para poder obter o indicado carné.

4) Que ao mesmo tempo, os cursos que esta a impartir a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, segundo os nosos datos, non chegan a satisfacer nin o 20% da demanda existente, tendo a Xunta de Galicia unha lista de espera na comarca que supera as 150 persoas e tendo nós inscritas tamén a máis de 60 persoas.

5) Que coa excepción da Xunta de Galicia, as únicas entidades que poden impartir estes cursos son aquelas que previamente foran homologadas e autorizadas pola propia Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

6) Que á vista do exposto, desde a Casa de Oficios do Concello, se solicitaron presupostos a diferentes empresas homologadas, téndose recibido un total de cinco orzamentos para a impartición do citado curso de manipulador/a-aplicador de produtos fitosanitarios-nivel básico.



Concello de Cangas

7) Que a entidade homologada que presentou o presuposto mais económico foi a empresa privada de formación 'Norformación, S.L.', CIF B363431218, que ascende a un total de mil seiscientos cincuenta e tres euros con noventa céntimos (1.653,90 €), pola impartición de 25 horas de formación teórica e práctica (mais 2 horas da proba final de avaliación) dirixida a un máximo de 30 alumnos/as.

Neste presuposto inclúense tamén as taxas que os/as alumnos/as teñen que pagar á Xunta de Galicia pola realización da proba de avaliación e pola tramitación do carné, que é de oito euros con oitenta e tres céntimos (8,83 €) por alumno (duscentos sesenta e catro euros con noventa céntimos) (264,90 €).

Así mesmo, este presuposto abrangue tamén os custos do persoal docente intervinente e os distintos materiais didácticos do curso (manuais oficiais impresos, carpetas, bolígrafos e o material técnico requirido para a realización das prácticas), así como tamén os diferentes conceptos que a Xunta de Galicia esixe para poder autorizar a súa impartición, en particular a contratación dun seguro de accidentes e dun seguro de responsabilidade civil.

8) Que considerando o exposto anteriormente e co fin de dar resposta á demanda da veciñanza, entendemos que desde o Concello de Cangas debemos favorecer a realización destes cursos no noso municipio.

Con tal motivo, desde as concellerías de Desenvolvemento Económico e Emprego Local e de Medio Ambiente e Turismo, PROPOÑEMOS á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o pago dun prezo público de trinta e cinco euros (35,00 €) por alumno/a pola a totalidade do curso de manipulador-aplicador de produtos sanitarios-nivel básico (25 horas, máis dúas da proba de avaliación), incluíndose neste importe os materiais didácticos e a taxas que cobra a Xunta de Galicia pola tramitación e expedición dos respectivos carnés oficiais.

Supoñendo unha participación de 30 alumnos (o máximo admitido), o Concello ingresaría mil cento cincuenta euros (1.050,00 €).

SEGUNDO.- Que o pago do mencionado prezo público, é dicir os de trinta e cinco euros (35,00 €), o realicen os interesados nas dependencias da Tesourería do Concello de Cangas, expedíndoselles no momento o correspondente documento xustificativo que deberán presentar na Casa de Oficios do Concello con anterioridade ao inicio do curso.



Concello de Cangas

TERCEIRO.- Que unha vez rematado o curso, a empresa citada anteriormente, 'Norformación, SL', presente no Rexistro do Concello de Cangas a factura polo importe total de mil seiscientos cincuenta e tres euros con noventa céntimos (1.653,90 €).

No seu presuposto, esta empresa especifica que a actividade está exenta de IVE en virtude do artigo 20.1, apartado 9 da Lei 37/1992.

CUARTO.- Que a diferenza resultante entre o prezo público que pagan o alumnado e o importe total do curso se impute, a razón do 50%, á consignación orzamentaria que para actividades teñen as concellerías de Desenvolvemento Económico e Emprego Local e de Medio Ambiente e Turismo.

QUINTO.- Que se por algunha causa debidamente xustificada e motivada se dera a circunstancia de que, unha vez pagado o citado importe de trinta e cinco euros (35,00 €), non se puidese impartir o curso, se proceda de oficio á devolución destas cantidades aos seus respectivos interesados.

En todo caso, esta devolución do prezo público non se faría efectiva en ningún caso con aqueles solicitantes que, unha vez matriculados, non asistan finalmente ao curso ou non acaden o carné por non ter aprobado a proba final ou por non ter asistido regularmente ao curso”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta conxunta transcrita anteriormente das concellerías de Desenvolvemento Económico e Emprego Local e Medio Ambiente e Turismo do Concello de Cangas, referente a aprobación dun prezo público que cubra parte do custo dos cursos de *manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios-nivel básico*, que se organicen desde o Concello de Cangas.

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA CIM-ANO 2015 E PRIMEIRO TRIMESTRE 2016

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 15.04.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para o Programa CIM do ano 2015 e primeiro trimestre do ano 2016, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA CIM, ANO 2015 E PRIMEIRO TRIMESTRE 2016



Concello de Cangas

*Aprobar a seguinte conta xustificativa polo importe total de trinta e oito mil cincocentos trinta e oito euros con noventa e nove céntimos (38.538,99 €) da axuda concedida a esta entidade, polo importe de euros para o PROGRAMA CIM 2015 e primeiro trimestre 2016, concedida ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de outubro de 2015, pola que se resolve as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, convocadas pola Resolución de 2015 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e que os gastos totais imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación, procedéndose a súa **toma de razón na contabilidade**:*

Nome e apelidos NIF	Denominación posto	Importe horas traballadas no CIM do 01/12/2014 ata o 30/11/2015	Importe horas Do 01/12/2015 a 31/03/2016
<i>P.T.G</i>	<i>Dirección e Psicóloga</i>	<i>23.964,28</i>	<i>8.039,88</i>
<i>P.P.P</i>	<i>Asesora Xurídica</i>	<i>3.544,15</i>	<i>1.903,16</i>
<i>A.F.R</i>	<i>Asesor xurídico por substitución</i>	<i>1.087,52</i>	
<i>Total xustificación</i>		<i>28.052,19</i>	<i>9.943,04</i>

Que este programa foi subvencionado polo importe de trinta mil setecentos noventa e dous euros con trinta e seis céntimos (30.792,36 €) ao abeiro da resolución de concesión e cunha aportación municipal de euros e que para este mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para este programa é o concedido a través da resolución mencionada e de conformidade coa documentación que consta no expediente e en particular co informe da directora do CIM, P.T.G, cumpriuse coa finalidade da axuda concedida e os fondos se aplicaron ao fin obxecto da subvención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía do día 15.04.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para o Programa CIM do ano 2015 e primeiro trimestre do ano 2016.



Concello de Cangas

D) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL, RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DOS ANOS 2015 E 2016

Dase conta de proposta do día 18.04.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de autorización de varios postos de venda ambulante dos anos 2015 e 2016, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL, RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DOS ANOS 2015 E 2016

ANTECEDENTES

Os seguintes interesados/interesadas, por medio de escritos presentados no rexistro xeral deste concello, solicitan a autorización para a colocación dun posto de venda ambulante no mercado de Cangas:

INTERESADO/INTERESADA	DATA SOLICITUDE	Nº ENTRADA	Nº EXPEDIENTE
J.H.T	17/11/2015	14.763	ME 15/030
C.Q.S	30/11/2015	15.473	ME 15/031
P.B.M	18/12/2015	16.489	ME 15/032
C.R.I	28/12/2015	16.749	ME 15/033
D.R.B	11/01/2016	225	ME 16/001
M.J.G.T	12/01/2016	321	ME 16/002
D.E.S	14/01/2016	397	ME 16/003
M.E	14/01/2016	398	ME 16/004
I.V.R	21/01/2016	683	ME 16/005
M.R.P	22/01/2016	719	ME 16/006
L.L.S	22/01/2016	745	ME 16/007
R.J.J	25/01/2016	804	ME 16/008
A.B.M	27/01/2016	902	ME 16/009
A.E.T.R	29/01/2016	1.094	ME 16/010
N.G.P	05/02/2016	1.380	ME 16/011
E.M.A	09/02/2016	1.570	ME 16/012



Concello de Cangas

M.C.F.D	10/02/2016	1.592	ME 16/013
A.S.R	19/02/2016	2.096	ME 16/014
M.F	04/03/2016	2.820	ME 16/015
D.E.J	11/03/2016	3.137	ME 16/016
CHURRERÍA SUSI, CB	11/03/2016	3.141	ME 16/017
E.M.A	11/03/2016	3.152	ME 16/018
M.C.G	15/03/2016	3.324	ME 16/019

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Considerando a ordenanza e tendo en conta a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio a venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Notificar este acordo aos/ás interesados/interesadas con indicación dos recursos procedentes e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de Desenvolvemento Local e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de



Concello de Cangas

Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de autorización de varios postos de venda ambulante dos anos 2015 e 2016.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente